



1917

PREZOS DE SUSCRICIÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts.
Fora, » 50 »
Caste d'un número 10 »
América 2 pts. trimestre

Número 11

= Redacción =
e administración:
CANTÓN GRANDE
= 16, BAIXO =

A CRUÑA

26 FEBREIRO

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia o nas colonias gallegas d'América e Portugal

O MALDITO CACIQUISMO

GALICIA POBO D'ESCRAVOS

Equi tedes unha nova lacra do centralismo que nos abafa. Un novo atroxia á nosa dinidá. Un novo lóstrego caciquil que alumea a falla de concencia colectiva gallega. Que pon ó cuneirismo en coiros. Que amos tra como os servos do feudalismo da Meseira, malos gallegos que antre nos viven, sinlen un fondo desleigamento que é a morte da enxebreza.

Ouvide e comentade pol-a vosa conta. E un feito sinxelo que val por cen discursos. Hai na Cruña un escribente temporeiro do Catastro, que leva vinte anos no seu destino. Un bon gallego, un gallego intelixente que etqui ten o seu fogar y-a sua familia. A familia depende d'él. Depende d'él até o pai, un pobre vello xa inútil.

Pois ben; un señorito influente, con boas agarradeiras, que ingresou fai somentes un ano no mesmo destino, tiña pol-as suas comenencias particulares, necesidade de vir á Cruña. Na Cruña non había vacante. No meouselle, de maneira interina, coma agrégado. Era perciso servilo, xa que é dos que poden aprical-o vaso ó grifo do favor canlizado dende Madri. E o señorito co'as suas cuñas, foi cuña da mesma madeira, conque ó remate logrouse votar da Cruña ó noso amigo, pesi-os seus vinte anos de servicio. A corda sempre rompe pol-o mais déble. O señorito pidira permuto, e naide quixo aceitala; ó señorito convíviale vir destinado etqui, e veu. ¡Pra qué sirve, senón, o caciquismo?

En troques o gallego enxebre, o antigo conveciño, está trasladado a Lérida, pra dei xarille o posto libre a aquel neno aloumíñado pol-o favor. ¿Qué non ten cartos pra facer un viaxe tan longo, que verá desfeito seu fogar e perturbada sua familia? ¿Qué nin siquera o centralismo fixo mais humano o seu traslado, levándoo a unha das catro provincias gallegas ou á d'Orxido? Bah, ¿qué importan os apuros dun gallego mais na Porta

do Sol, onde tantas veces se cantaron en follas imprentadas os apuros d'outros gallegos?

O veterano auxiliar do Catastro terá que chorar a sua fonda traxedia íntima. Pro o señorito favorecido, contra toda xusticia, virá, e fai ben, xa que lle deixa rirse este pobo de escravos; este pobo capado espiritualmente; este pobo que como dixo moi ben Theófilo Braga, ve morrer a sua cultura y-a sua dinidá, c'os hombros encolleitos y-a mans nos pelos do calzón.

❖

¿Decatástedesben do caso? Pois ben. A "Hirmandade da Fala" na Cruña, cumprindo c'o seu deber, peitando pol-o enxebrismo, vendo tal enormidá, telegrafíou o ministro de Facenda y-o Subsecretario, amostrando o calvario que traguería pra un bon gallego a inxusticia do dito traslado.

Y-o subsecretario, contestou, coma agarzábamnos, dicindo: "Recibo su telegrama y por tratarse de una medida general ha obitido a trasladar distintos escribientes temporeros del Catastro para afectarlos a las provincias donde sus servicios son necesarios, no hay posibilidad de atender los deseos que me expresan lo cual me produce vivísima contrariedad, pues me hubiera sido gratísimo complacerles en su ruego."

¿Queredes maior inri? Este subsecretario, o Sr. Chapaprieta, é deputado por un pobo de Galicia; se non estamos trabucados, por Noya, pol-o distrito a que pertenece Porto do Son, que tanto gradecimento lle debe. Este Sr. Chapaprieta ou Chapaflóxa, é gassetista. Os gassetistas da Cruña foron os que recomendaron, según se dí, ó señorito contra do antigo empregado. A Gasset o tronco d'esta cheirenta ramalleira caciquil, regalouse, inda fat pouco, unha cruz de brillantes, con cartos gallegos, pra que nos cru-

cifique n'ela. Pois coma os gassetistas son os más istas políticos, froito do centralismo, que por acó sufrimos.

¿Hai homes en Galicia? ¿Hainos na Cruña? A tráxedia do Porto do Son sangra. Esta tráxedia familiar d'agora, fai chorar de caraxe, e pechalos puños, ós poucos que levantos un corazón no peito y-un miolo na cabeza. Non escarmentan os caciques, e fan ben.

¡Chapaprieta, deputado gallego! ¿Pódese consentir semellante vergoña? ¿Pódese consentir que os vivos de por acó, que teñen a ponca lacha algúns d'eles de chamárense rexionalistas, malos gallegos, desleigados gallegos, agasallen na nosa terra a estes homes? Mentras non lles amostremolos dentes; mentras non silbemos e faigamos señales de desagrado cando tan desaprensivos cuneiros que nos coídan eurucos, veñan a calquer pobo de Galicia, soyo nos queda un consolo: o de envexar ós rifeños.

Hoxe por uns é mañán por outros: no enxebrismo, na fera e santa, cen veces santa, agresividá nacionalista—mais percisa e lóxica eiqui ainda que en Baskonia e en Cataluña—temos que cimentar o noso porvir. Guerra a morte a todo estranxeiro político! Gallegos, soyo gallegos... Non hai outra salvación. Os que non queiran esto, van pra treidores, se no o son xa. ¡Xuventude nacente, ven a nos! Piores que os xudos, estamos fallos d'unha pátria. Somolás escupideiras do centralismo.

¡Por algo o autor de "Muros de oro", gassetista, canta na sua comedia a homildá gallega!

Temos en carteira traballos de Rodríguez Elías, Arias Portela, Ortiz Novo, Bidegain e outros gabados poetas e publicistas, así coma un notable artigo de Cirici Ventalló, nomeado "Galicia a irredenta". Irémos publicando nos novos números. Axiña melloraremos tamén A NOSA TERRA, pois leitores y-anunciante vai habendo cada vez mais. Nosa semenza redentora prende nos corazóns da mocedad.

¿Asamblea en porta?

Fai poucas datas no "Noroeste" da Cruxiña, dixo o siguiente un señor Xan Pérez de Pérez—non nos gusta nada a careta do seu dónimo pra falar de cosas serias—:

"Ahora que parece tener visos de verdad el resurgimiento gallego, le parece a usted, señor director, viable el propósito de reunir en magna asamblea a todos los hijos notables de esta tierra, para que acordasen un programa práctico de regeneración de nuestra Galicia?"

Poetas, literatos, pintores, músicos, hombres de ciencia, comerciantes, industriales, periodistas, cuantos, en fin, valen e influyen podrían y deberían tener asiento en este Congreso regional, cuyas conclusiones respaldaría entusiasticamente todo el pueblo gallego de aquí y allende el mar.

Ya sé—¡cómo, ignorarlo!—que los caciques políticos harían una guerra implacable a la Liga Gallega, o como se denomina se esa unión de hombres de buena voluntad; porque de realizarse el pensamiento jadío diputados y senadores cuneros, vergonzoso pago de complicidades al poder central!

Pero si no se da la batalla, es difícil que la victoria nos sonría jamás en esta desdichada apatía en que yacemos.

Sin dejar de ser un solo segundo españoles—eso nunca!—seamos siempre gallegos, muy gallegos, y ya ver quien resiste ese laborantismo sano, incansable, de cuantos amamos sinceramente esa tierra meigal! Si quisiera usted patrocinar y desarrollar esta ideal! Intentándolo usted y apuntándola yo habremos pagado siquiera en buenas intenciones la deuda que tenemos contraída con Galicia al vernos hijos de ella."

*

Parécenos ben a idea, porque con ideas por diante, hai discusión e seméntase a inquietude. Pro coidamos que non sería frofitera mais que no senso negativo: no de amostrar, pasada a fogaxe dos discursos, que soyó pode ler xeito o noso rexionalismo integral; o que defenden as "Hirmandades da Fala".

A concencia colectiva da terra, ou non xurdirá nunca—y entón pobre Galicia—ou terá forzosamente que axeitarse a estes dous postulados: existencia dunha patria natural con idioma propio; y-existencia dunha Galicia escrava, detida no seu progreso económico pol-o régimen hexemónico do centralismo, xa que a nosa natureza libre-cambista e incompatible c' o estatu quo d'oxe, que non leva xeito de trocarse. E corolario d'esto é a percisa ruralización do espírito rexional. Xa que rurales son todolos primeiros preitos gallegos.

¿Están os señoritos das vilas preparados pra semellante traballo? ¿Sin inmunitarse as almas para os conflictos do centralismo, será posibre unha xuntanza apreixa de vontades cívicas? ¿Non sintindo a lingua, úneca forza d'unidá, onde latexa nosa autonomía espiritual, poderían rexionalizarse as concencias e os pensamentos? Enxebrismo político—pureza política—en castelán, e cousa morta: e coma pretender encher d'auga un paxe de vimbios.

A lingua, o primeiro. Dixo ben un amigo noso: O estranxeiro que queira casar c' unha inglesa, ¿non escomenza por adeprender o inglés? Pois desposarse con Galicia, co'a verdadeira Galicia, pra falar por señas, non entendéndose os mozos, e unha cousa ausurda.

Senon, ó tempo.

FOLLAS NOVAS

(CRÍTICA DE LIBROS)

ROSALÍA CASTRO

Notas biográficas por Augusto González Besada

Nada dixemos do gabado discurso d'ingreso na Real Academia Española do distinto literato e home público o gallego señor González Besada, inda qu' eran moitas as inesatitudes que aquel contina acerca da vida do gran poeta rexional Rosalía Castro, porque sabemol-o cativa que é a circulación que abranguen tales documentos.

Mais hoxe que aparece en forma de libro co título que encabeza estas liñas e xa que o seu prologuista o Sr. Linares Rivas nos di d'este traballo que é o mais completo e documentado que hasta o presente via a lus, permitimnos trazar estes renglós pra que non volva a hipérbole, coma cando a leitura do discurso, a considerar unánimemente tal traballo como o sumum da perfección e esatitud. Non queremos, pois, c' noso silencio que pase agora, como pasou denantes, o que a lenda perdure, efecto da calidade do que, coma o Sr. Besada, dalle estado de vida.

Non temos á vista n-este istante o primitivo escrito do meritísimo gallego e non podemos confrontar se na nova edición fixo algunas modificaciós, pero inda así, o actual traballo, se coma obra sua é dina de louvar pol-o admirableness escrita e pol-a devoción e amor que ela respira hacia a eisimia cantora e mail-a sua terra, vénola disgraciadamente chea d'errores que a desvirtúan en coase todo o que se refiere á persoalidade de Rosalía.

A parte d'outros conceitos equivocados na sua descripción física e moral, non foi na sua niñez, a encarnación da musa gallega, como nola pinta: ao contrario. Nin foi moura, senon loira; nin tivo os ollos negros senon castaños. Foi muller denantes de tempo pol-o seu precoz desarrollo corporal, esbelta si, mais non delgada de corpo. O seu carater era ridente e alegre, en ves do tristeiro que lle atribue. Nas suas posturimerías non se atopaba no estado de demacración que nos conta pol-o seu aspeito non facia imaxinar qu'estivera ferida tan gravemente pol-a terrible doença que había de levala á campa. Véxase o retrato feito un ano antes da sua morte publicado n-algunhas revistas.

Pol-o xeito, de non seren maiores, atopamos inesatitudes que se refieren á sua vida literaria. Nin Rosalía tuvo por Mecenas á Florentino Sanz, á quem non tratou, nin traduxo a Heine, nin falou endexamás na sua vida con Becquer, nin son mais verídical-as outras noticias que nos da o Sr. Besada. Endexamás tivo nos comienzos das suas publicacións outro editor que o seu esposo. Algús, moi poucos datos do Sr. Besada son exactos. Quizais son os debidos ao nunca ben chorado Victor Said Armesto, quen ás noticias que poseia pudo añadir algunas compretamente inéditas por conocer determinado e moi completo traballo acerca de Rosalía e da sua obra, traballo que ainda non se publicou por culpa do editor que a adequiriu hai tres ou catro anos. Todo o demás que nos conta e di, é fábula e pura fantasia.

Improntados hai outros estudos anteriores ao do Sr. González Besada, e sin que pretendamos restar méritos ao d'este señor, témoños por mais completos e exactos e mais recentes de seren tidos en conta pra futuros estudos do que o do ilustre esministro; proxa se vé, non sendo os seus autores homes

públicos nin da talla literaria do Sr. González Besada, o silencio da prensa e o esquecemento do público caeron enriba d'eles.

Tamén chámamonos a atención que o señor Besada crame pra que s'erixa en Galicia un monumento á santa memoria de Rosalía, desconocendo que axiña será un feito o pago d'esta deuda de gratitud, gracias, non aos poderosos nin aos homes-cumes, senon ao entusiasmo dos humildes, da comisión presidida pol-o Sr. Fraiz Andón.

Lamentamos tamén que no lugar do magnífico retrato do autor conque entrabre as páginas do libro non figure o da Cantora do Sar, en ves do infame dibuxo con que nol-a presenta no corpo da obra. Puido moi ben o Sr. Besada utilizar pra esto o retrato de que falamos mais atrás.

E abonda. Escribimos estos renglós pra que non pasen sen que unha vos as proteste, as inexactas noticias do Sr. Besada e pra que non se deixen seducir por falsos esplilismos os que no porvir queiran estudala gran figura literaria de Rosalía Castro.

No tocante á outros particulares da obra, poidéramos tamén falar moito, pro o pouco espazo de que disponemos obriganos a encurtar o noso comentario. Deciremos soamente que se o Sr. Besada lerá con cuidado a célebre "Mari-Hernández la Gallega", que amostra non conocere, non tería pra ela tantas gabanzas como ten, xa que os aldraxes a Galicia e á muller gallega abundan n-esa obra.

E pra romatar deciremos tamén que denantes do Sr. Besada, outros homes tales como o Sr. Pérez de Guzmán, e Martín Arrue, fixeron nas academias xusticia ás mulleres gallegas adicándolle todas las gabanzas e louvores de que son merecentes, sen que os nosos xoñaes tiveran pra eles a menor palabra d'agradecimento, tanto mais merecido canto que os ditos señores non foron nados n-esta terra.

LEANDRO CARRE.

FALEMOS O GALLEGO

Ademáis d-os idiomas que no mundo falan os homes de cada país, hay outro universal que n'alguna vila da provincia de Pontevedra chámalle "liñol", y en toda Galicia "diñeiro" ou "cartiños".

Hay cibdade na nosa rexión onde o "liñol" y a fala gallega que n'ela se atopan caben a todo folgar n'unha hucha ben pequerecha. ¡Picara casualidade! que os pobos onde se coidan más da fala rexional—Cataluña, as Vascongadas, Valencia — son os más ricos, prósperos e adiantados do Estado español.

O dito de "non son gallego, son de Murros" vaise apricando a outros lugares, y as presonas que se teñen por leidas e sabidas renegan da fala dos seus pais. Mais, non conta isto con certos momentos da vida en que a y-alma vense ardendo a os beizos. Astones si que se fala gallego: digao quen namorado dirixese á dona do seu pensamento chamándolle "encantño", "neninha", meiguina. Digao quen chora ou rie os nomes de ¡mamaíña!, ¡papaíño! e tantos outros diminutivos dolces que soilo se atopan no noso garimosa fala.

Quen fai aldraxe d'ela y-e nado gallego; quen di que a esquençeu, non cae en que a fala deprendida no berce é nin más nin menos que a esencia y-a potencia da y-alma. D'ista queda horfo o corpo cando d'ela se renega, e asina convírtese un cáliz, un reliario, nun fol valeiro onde sopra o primeirro que chega.

E asina tamén que tales foles préstense a berrar con ben pouco honore pra eles e maior disgracia pra Galicia: "¡Viva nuestro diputado! ¡Viva el señor ministro de...!" Berros noxosos, que si se fai comparanza entre iles e os de ¡ladrós!, ¡caciques!, ¡máttanos á fame con tantas contribuciós!, e outros más tráxicos que se deron fai pouco no Porto do Son, e que se escoitan cada dia nos rueiros da campia gallega; si se fai comparanza, repetimos, entre uns e outros berros, digase en cales latexa a y-alma da vella Suevia.

¡Gallegos!: Bendecide a recia, nobre e groriosa lingua castelá, más lembrádebos de que Galicia sin a sua fala seria un fol valeiro no que busaría un calquera.

EMILIO BIDEGAIN

No Ferrol.

¡PÁTREA!...

Pensando nos teus tempos
esprendorosos,
lembmando os teus passados
dias felices,
cando te vexo agora
tan desazada,
tan xunguida ó capricho
dalgúz caciques,
asoméllasme un pobo
sin voluntade,
que está entangariñado
pra redimirse.
Sempre rezando as preces
do Miserere,
sempr choromiqueiro
cando algo pides,
sempr manso e sofrido
cos que te aldraxan...
Si queres que te afendan...
¡morde e non biques!
Mostra o teu poderio
de pobo forte;
érguete altivo e recho
cando o precises,
afoga a tua pacencia
que te abichorna.
Manda, ordena, non roges
nin te amorriñes.
Verás como así logras
o que pretendas,
verás como así alcanzas
o que cobices,
verás como así podes
cantar sin medo
a Alleluia que cantan
os pobos libres.
Pra ser grande algún dia
nos teus destinos,
fai porque te non teñan
por pobo homilde.
Non deixes ós alleos
que te asoballen,
nun consintas tampouco
que te escravicen.
Garda a fogaxe toda
dos teus quereres
sólio pr'os que te alauden
e te aloumiñen.
Ten confianza sempre
nos bos gallegos
que o santo amor á pátreia
nativa sinten,

que si sabes gabalos
como merezan,
y-elas en troques saben
tamén sirvirte,
chegará pra ti o dia
do Resurréxit,
que che traerá os gloriosos
tempos felices.

Haste de ver na cume
dos esprendores,
y-haste de ver trunfante
cos pobos libres,
xa que tés a fortuna
de que a túa raza
seya das escolleitas
e das bariles.
Mais pra que tal consigas
sin homildarte,
faiche falla que mordas
e que non biques;
faiche falla que apupes
a xostregazos
ós que te mangoneyan
y-ós que te firen;
faiche falla que poñas
lume nas almas
de cantos te protexan
e te acariñen.

¡Terra dos resinados!
¡Pátreia gallega!
Todo o teu valeamento,
¿pra qué che sirve?
¿Pra que te non escoiten
cando algo queres?
¿Pra que che fagan bulra
cando algo pides?
¡Miña adorada terra!
¿Ti non tés forzas
pra escomenzal-a loita
contr'os caciques?
Córreos a cardenazos
pol-as comarcas,
e denantes que intenten
o novo crime
de che cantal-os trenos
do De profundis,
cántalles ti as vinganzas
do Dies iræ.

ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ

(Ista poesía foi lida, sendo muy gabada, no xantar c'o que agasallaron algúz enxebres do Ferrol, no "Ideal Room" d'aquel pobo, ós hirmáns da Fala cruñeses, logo do mitin galleguista.)

Argumento pra unha nova traxedia poética

A reina Glamorgana, estaba namorada do monxe Oduol. Un dia en que ela salayaba no seu leito, xa que o seu mal cativo fixose intolerabre, mandou chamar a Oduol. Compareceu o monxe, homilde, pro nin pasou da porta nin ergueu os ollos do chan, c'o que creceron as ánseas y-a delor da reina.

—Mira díxolle—fállanme as forzas; meu corpo está xeado e quente ó mesmo tempo.

E coma él non falara nin se movera, a sínora chamouno supricante:

—Achégate, achégate a mi!

E tendendo os brazos, alongados pol-o deseio, tratou d'atraguelo.

Pra o monxe fuxiu, chorando aquela impudicia.

Entón, domiñada pol-a caraxe e temendo que Oduol contara suas tentativas vergoñosas, decidiu comprometelo pra que o condenasen.

C'unha voz doída que resoaba en tod'o paço, pidiu socorro, coma se verdadeiramente a tivese ameazada un fero perigo. O chegar as doncelas, viron fuxir ó monxe; viron á reina que supetamente cobrífase c'as roupas

do seu leito; todas berraban programando o crime. Logo chegou tamén o Rei, e Glamorgana díxolle:

—Señor e esposo meu: vede as sinalas dos aldraxes que sufrín fai pouco. Impulsado por un deseio infame, Oduol arrechegouse ó meu leito e quixo vencer pol-a forza, miña repunancia e meu pudor.

Ouvindo aquelas queixas, o Rei mandou ós seus guardias que colle森 ó monxe y-o quemassen vivo, frente ó pazo.

Namentras Oduol, agardaba n'un calabozo do pazo o instante de sere queimado vivo. Mas Deus non consentiu que a inocencia fiase castigada. Mandoule un ánxel que o sacou do calabozo, logo de transformárese en fermosa doncela.

ANATOLIO FRANCE.

(De "La Isla de los pingüinos" que non sabemos se conoce Sanz Escartín.)

Mancha que limpa

Baixo d'este título e o de "Homicidio necesario" publicou Xaime Solá, o gran xornalista, director de "Vida Gallega", na "Concordia" de Vigo—data 20 do mes actual—un artigo, nobre e valente, que é o berro d'una concencia libre.

D'el son estes anacos:

"En Fene un home loitador, d'alma temprada, soupo que iba representárese un aproposito carnavalesco no que se ll'aldraxaba gravemente. Fixo conocer sua oposición a que se consumase a bulra. Ameazou. Foi desoubido. E non podendo soportalo aldraxe, ateigado pol-o deshonore, presentouse no teatro cando iba escomenzar a representación. Tampouco sua presencia sobrecolleu os bulradores! Entón, n'un arrebato cabaleiresco e valente, fixo fogo contra do autor da noxenta obra teatral. Y-o difamador caiu morto. O matador e o concidísimo agrario e farmacéutico D. Xenaro Moreira, secretario da sociedades d'Istrucción, "Naturales de Fene, na Habana".

Non se pode grorificar o crime, e, n'oustante, pónsta a man sobor do corazón, dando co elo fe da nosa sinceridá, temos que dicir que se o Sr. Moreira fixo muy mal pra si, fixo un ben para a sociedade.

N'un medio no que o caciquismo lava todal-as manchas e absolve de todal-as culpas, son percisos carautes e decisiones cómicas os do Sr. Moreira. Hai necesidá de tomal-a xusticia pol-a man onde a xusticia tennas atadas. Haberá dereito pra recriminar me que mata na defensa do seu honor se este tivese garantías. Pra que o Sr. Moreira houbese obrado mal sería perciso que eiqui os organismos restrictivos—chámense xueces, chámense gobernantes—tivesen criterio, independencia e coraxe abondo pra impedir o paso dainxuria que s'achecha, que se ve chegar e que sábese vai manifestarse. Onde o honor non ten salvaguardia oficial hai que encomendala á boa puntería.

Estes crimes no fondo son trascendentais e oportunas obras de xusticia, se tran c'o eles un despertar latexeante da concencia social que amostre sua forza e volva á razón ós modernos señores feudais.

Homes que coma o Sr. Moreira matan por tales móviles non deben permanecer no cárcere mais tempo que o ausolutamente perciso pra que queden satisfeitas as cominerias xudiciais. D'estes exemplos de valentia e de pundonor está muy necessitada esta sociedade podrenta, e no troque de merecer censura deben sere asinalados con pedra branca.

CADRO BRANCO

"La Voz de la Verdá", xornal lugués culto y-enxebre, ven facendo en gallego a reseña dos actos que celebran "Os Amigos da Fala".

Agora acordou que a cotío se encha con cousas escritas no noso idíoma unha columna do mesmo xornal.

Os europeos alumnos da Escola Industrial de Vigo, ganaron a nobre e honrosa folga que tiñan pranteada. ¿Qué din a esto os xornais adulós e caciquis?

Piñera, inda que con ascenso—é a tuca do centralismo xa posta en vixencia cando as guerras coloniales—foi trasladado.

Nosa embora ós dinos folguistas.

Un bon nome val mais que o presidio e a forca. E moi sensible que esto teña que ocorrire, pro é indudable que, ante a noticia do auto violento do Sr. Moreda, estalou un aprauso no fondo de todos los corazóns sanos. ¡Así! ¡Así!...

XAIME SOLÁ."

O caso do Sr. Moreda—noso querido amigo a quen hoxe saudamos con maior agrado que nunca e dos que caen por fora das leises escritas. Inda que de xeito diferente, asemellase ó caso do médico do Pobo.

Estones un médico foi protagonista. Agora un farmacéutico. Mañán será un veterinario, un mestre d'escola, un abogado... os agrarios xa o foron lembrémonos da tragedia do Porto do Son!—, cantes pol-a sua intelectualidá viven n'un ambiente inferior a eles, facendo da sua nobre e cívica rebeldía un pararrayos prás carraixas dos caciques.

En Pontedeume preparan as sociedades agrarias un acto en favor do Sr. Moreda, noso correligionario. Dél falaremos.

Trechos clásicos gallegos

DESCRIPCION D'UNHA TEMPESTADE

Pois que os gregos entraron en suas naves como dito é, começaron de singlar a mais andar, e eles ian muy ledos e muy pagados e ricos e abondados dos tesouros del rei Priamo, e de todó outro muito haber que hacharon en a cibdade de Troya; e carregaron de lo suas naves tanto, que non podían levar mais. E había muy boo tempo, e o vento tan boo e tan derecho, que mellor non poderian. E tanto andaron, que chegaron ao mar que dicen Exeno. E ali se lle cambeou o tempo, e comezou unha tempestade tan forte, que non fui tal que non sofrese tan gran coita e tan grande afán que lle fui par de morte. Ca despois que anoiteceu, tornou outro si escuro espeso a sobre guisa, e non facía luar nen lume pouco nen mais. E semelláballes que as naves descendían a tomar a ágoa do mar, e levantáronse os catro ventos principaes e volveron entre si guerra e peleia, e un viña do Ouriente, e o outro, do Oucidente, e o outro do Septentrion, e o outro, de contra meridie. E ali cresceron torvoes e corisco e relámpagos tan grandes e tan bravos e tan desmesurados, que semellaba que todo o mundo quiría perescer. E o mar comezou d'engrosar e tor-

nouse bravo e forte e temeroso e perigoso muito a demais, e daba grandes roncos que semellaba que todo o mundo quiría meter so si e sorbelo. E as ondas se volvian e engrosaban, e levantávanse contra arriba e fan quebrar en as naves. Da outra parte viñan rayos encendidos e dabán en as naves e queimaban delas muitas. O vento, outros, daba en elas e facíaas alzar e premer e puxábaas lonxe e facía topar unhas con outras, e tan mal as traguía, que esto era unha gran maravilla. Os mastos e os lostres e as entenas e as velas, que eran muy prezadas e de muitas colores, todas foron rompidas, e quebrantado cuanto y había, e tornado en pezas. E quebraban as cordas e os calabreiros e os bordos. E se algún gobernallo y ficaba, non se podian del axudar. E non había mariñeiro fan sesudo nen tan maestre que se soubese consellar nen esforzar a si nen a outro. A chuvia era tan grande e tan espesa, que caía sobre eles que semellaba que con cántaros a deitaban. E sabede que non había y tan ardido nen tan urgulloso que de graldo non quisese haber perdido un nembro ou dous, por tal que estevese en salvo en a ribeira de Cartaxen. Esta tormenta e esta coita tan grande lles duró tres días enteiramente. E ante que amansase aquel tempo, foron todos esperzudos e departidos en tal guisa, que uns non sabian a cuál parte os outros fan.

(Da Crónica Troyana.)

OS INEDITOS

UN ANACO DE PARRAFEÓ

A carón da rúa do Castelo, na cibdade de Lugo, áchase unha pequena praza, na que se atopa, tamén, unha vella escalaia pol-a que se rube a muralla antiga que arrodea o pobo. Nesta praza faise todolos martes e viernes un mercado que é dos mais enxebres de Galicia. O mercado das zocas e das goxas.

Non vou expricar agora, anque sería moi curioso, como chegan os zoqueiros á mañan cediño pol-o camiño de Castro do Rey e de Castroverde enriba de boas égoas c'un saeo diante cheo de zocas pra vendere. Non quero tampouco contar hoxe a xinxela maneira conque se saúdan cando s'atopan na praza, namentras descargan e valeiran os sacos debrocándoos enriba do chan como queen debroca un mego de patacas sin que se poida atinar cal é d'un pe e cal d'outro.

O que eu quero lembrar hoxe é unha escena enxebre c'un anaquillo de parrafeo que n'iste mesmo mercado vin e oin o deradeiro viernes.

Antr'os zoqueiros, hai un rapaz novo moi ledo e churrusqueiro que en canto ve algunha das moitas e boas rapazas que van á praza pra mercar unhas zocas novas e ben feitinas, esquécese das que el ten pra vendere e ponse a parrafeear.

O outro dia chegou xunto ó zoqueirínha rapaza forte, alta e moi boa moza; viña mercar unhas zocas. Probou unhos cantos pares e soilo unhas lle serviron, anque a mancaban un pouco no empeine. O zoqueiro endes que a viu, non sabia que facer; tan ben lle miraba pra aquela cariña meiga que tiña unhos ollos mouriños com'as amouras y-unhos labios bermellos com'as cireixas; como lle miraba pra aqueles pes pequeninos é ben feitos abrigados c'unhas fortes médeas de laa acarreladas de branco e negro. Quixolle tocar un pe pra ver se lle estaban ben as zocas, pero a rapaza virou axiña a perna pra tras e dixolle:

—Estate quedo... Mira que che dou ca zoca nos fociños.

CADRO MOURO

O Sr. Chapaprieta, deputado polos gallegos mangoneadores do Porto do Son, trasladou dend'a Cruña a Lérida, a un empregado de cativo sueldo que leva vinte anos no Corpo, pra servir a un señorito... gasetista. ¿Qué din os crunesistas de labios agora?

Rodrigo Sanz, noso mestre, o gran gallego—que falou agora no Ateneo de Madrid dos foros, coma non falara naide—non será deputado pol-o seu pobo, inda que é seu millor abogado. Pol-o Ferrol elixiráse un cuneiro, ¡Qué noxo!

—Vostede!... ¡Non llo creyo anque moxure! Co esa cara, anque llarre como quiera, non pode mancar a ninguén. E despoixa, xa sabe, que eu entendo d'este choio e teño que mirar se as miñas zocas de ameñeiro están de xeito ou non.

—Pois ho astrévete a tocárlleme ó pe, e xa che ensinarei eu se as zocas son de ameñeiro ou son de vídalo...

—Cando lle xaraíea, nunca lle chove moito...

—Déixame, déixame de prosmadas... ¿Cánto queres pol-as zocas?

—Se lle digo, o que vostede queira... váise enrelaxar... y asi, daráme nove cadeas, se non lle parece moito.

—Moito non che é, pero as zocas nin eso che valen, pois por iste nodo que eiqui teñen vaille entrar a auga.

—Quén soupera que vostede viña hoxe a mercar zocas!

—¿Por qué dis eso?

—Porque lle había de facer unhas de buxo que nin lles había de entrála auga, nin se habian de presentar más feitas en toda a terra de Lugo... como tampouco hai moxa mais garrida, mais bunita nin mais baril que vostede.

—¡Ja! ¡Ja!... ¡Vaya, ho! que te puxeche ben séreo pra tan pouca cousa... Non me veñas con andrómenas... douche oita cadelas pol-as zocas, pero tes que mas efectoar é poñerelle ben lisiño ó empeine, senón, máncanne.

—Pois eu, ben lle sabe Dios que non a quixerá mancar; e decindo esto sacou o zoqueiro unha navalla de rabo de pau y-escrivou a labrar nas zocas perguntándolle á rapaza:

—E logo vostede d'onde é? anque sea moito perguntare.

—Sonche de Santa Mariña de todo o mundo.

—Déixame de leirias! Pois eu quero saberlo, porque me gustan moito as festas, e quería ir a do patrón da sua parroquia pra me adevertire.

—Vaiche boat! D'eiqui ó viñecincio de xulio...

—Ai logo vostede, debe ser de Coeses...

—Adiviñao... e si queres, vas aló e perguntais.

N'esto, acabou de efectoar as zocas. Colleunas a rapaza, meteunas no mego, pagounas e marchou despóis de despedirese ela y-o zoqueiro con moita xerigonza.

Endesde aló do fondo da praza volveulle berrar ó zoqueiro:

—¡Ai ho!! ¡Eu sáyoche pol-a porta do Postigo!

—¡Xa estou de volta!!

GONDULFE.

Lugo, febreiro de 1917.

MOZA GALEGA

(BOCETO)

Son, nena, os teus ollos, craros y-amantíños,
Cal froles dos liños
D'un meigo liñar;
Nas suas miññas a piedade mora,
Y-a gracia da aurora
Teñen no mirar.
Tes, nena fermosa, nas tuas meixelas,
Alburas sinxelas,
Roibés da serán;
Das cumes nevadas son brancas folerpas,
Son rosas abertas
Á luz da mañán.
Son, nena, os teus labres, craveles acesos
Na boquiña presos
Pra ben parecer;
Y-o falar semellan xiris que garulan,
E rulas que rulan
De gozo e pracer.
Son-os teus cabelos, crechos e dourados,
De lampos roubados
Á gloria do sol;
Craror que aloumiña tua frente albiña
Cando na cariña
Che bica a brís mol.
Son, nena, os teus seos, nidiós e brandidos,
Morosos y-criguidos,
Niños ruladores,
Que no dondo leito que lle fai teu peito,
Van ceibando a eito
Cantigas y amores.
Movel-o teu corpo, lixeiro e gracioso,
Có avalo xeitoso
Dá pôla xentil,
Qu'en serán calada, o sopro do vento,
Pon en movemento
Con beixo sotil.
Tuas mas fidalgas, piquirriquichiñas,
Albas, feitiuquinas,
Son de luz y-escuma
Das rias galegas, no ensono enmeigadas,
Das brancas laradas
Do sol qu'as alumia.
No teu pe miúdo, no teu yan estreito,
No teu corpo feito,
Enxebre, lanzal,
Tes tales feitizos qu'os mozos tolleas
Cando te brandeas
Beilando no adral.
Y-és craror de lúa, y-és luz da alborada,
E son da balada
Que ó corazón chega
Cantando e chorando mainiña e dozosa.
Fada agarimosa,
¡Ti eres galega!

VICTORIANO TAIBO.

Compostela.

TRIBUNA LIBRE

PREGOAR NO BALDEIRO

Xa pasou o antroido.

Sigue a cativa costume de sair n'estas das, pol-as ruas das nosas cibdades, y até n'as aldeias, vistindo o traxe rexional. S'a o poñer esta roupa, foise con ouxeto de facer lembrarse a'os centos d'indiferentes, que por disgraza ainda eisisten, o verdaideiro garimo as cousas da terra e amostrar-lles a semente da que somos nados, entón total-as gabanzas foran poucas pra os qu'esi propuxesen facer patria, pro este respeito a'o rexional, moi lóxico n'outras partes, eiqui non ten efecto; se busca soilo ese traxe pra escudo de toda clas de libertinaxes, sin ter en conta que canto mais o aldraxemos, mais ruíns nos presentamos, a'os ollos dos de fora.

Perdimos de tal xeito as nociós da pretesta que temos obrigación de rendirlle ás

cousas propias, qu'ollamos c'oa mesma indiferenza, un ben prá rexión, qu'un mal; a resposta qu'ouven os qu'a cotio chámase-nos, pra ensinar o camiño verdadeiro e impidir noso esbarramento, é úneca: o encolleamento.

Semos nosoutros mesmos, os porpagadores do *antigallequismo gallego*, e logo facemos com'a que sentimos de verdade as bulras dos alleios, cando iles teñen motivos abondo, pra iso e moito mais, pois o exemplo, dámol-o nos.

Esto e a ispida verdade; sendo d'eiqui da vergoña decil-o, pro mais vergoña é, o consentir, sin precurare a menciña pra esa doença antiga, que sigamos com'a oxe, sendo uns práctica, e outros teóricamente, reios do mesmo delito. E, perciso pois, que todos a unha, pónamos un anaquinho da nosa parte, pra axudar a esa ducia d'enxebres que temos, a facer concencia rexional, pois non é abondo qu'en certas ocasiós, e sober tudo cando nos atopamos lonxe da terra, pregoemos a'os catro ventos nosas condicíos de gallegos, e logo a'o estar n'ela, esquenzémo-nos axiña, dos primeiros deveres do patriota.

Hai que facer *pobo gallego*, pois eisisten persoas que chamamos cultas, qu'ensinan a os seus fillos que o falar noso idioma, é mala educación, y-eses desleigados, non ollan seu árbore xenealóxico, n'o que sin moito traballo, e cicás n'as primeiras poullas, atopen sua ascendencia aldeán; e xa non falemos dos gallegos—casteláns, de *estenga traiga, dea...* Eses... mal pocados!: abondo teñen c'oa sua disgracia. Com'a o burro da fábula se lles descobre pol-a orella. Bouraremos pra o mouro do sermón? Xa o tempo, gran mestre, nol-o dirá.

XAN LABREGO.

Ferrol, 1917.

ADIANTE!

Os fillos de Galicia, os da nobre terra y alma dos grandes feitos históricos, rexurseen. Non son un fato de esfameados, os que pónense ao frente na loita, buscando o anaco de broa que lles calme as ánseas do estómago, sinón un fato d'homes cobizosos do rexurximento, do engrandecemento da terra en que viron a luz primeira, que fartos de desdés e de despreciós, por parte dos que figurauen ao frente dos Gobernos y-a administración centralista, queren denantes de vivire engrioados a un réximen d'opresión e inxusticia, esnaquierizan as cadeas que xunguen a nosa patria a outras naciós hirmás, pra alcanzare independencia e libertade.

Pra elo, están dispostos a todo. Eles ven, como a patria abandonada polo centralismo, sin vias ferreas, nin suficientes medios marítimos, pra o desenvolvimiento económico, póstrase, cando as suas riquezas naturales, deberan ser d'abondo pra un froitifero porvir. Eles ven, como o caciquismo, monstruo horrible e proverbial polo seu clásico desenriollo, lo chan gallego, ceibarse sobre os campesinos, arruinándoos con infames gabelas, embargos, e outros ruíns procedimentos, que inda a razón os condena, a ley os ampara. Fles ven a patria, representada no Parlamento, por xentes alleas e que polo tanto, non conocen as necesidades do país gallego. E querendo poñer termo a un estado de cousas que cheira; enamorados do idioma e dos costumes; sintiendo na y-alma o doór dos oprimidos labregos, deron o grito de loita, votándose por pobos e aldeas; despreciando as bulras dos cursis e dos fatuos fixérsonse apóstoles da nobre labor galleguista, encomenzada. Ben feito.

A patria de cada un, ven pensado, e a terra donde se gana o sustento; mais como

a unha nai gárdaseelle cariño, haillo que guardar tamén ao anaco de terra onde un foi nado agás que sexa desleigado.

Proseguide rapaces, que os indiferentes han de vir ao bon camiño. Unha brillante e feiticeira aurora loce n'outranza. Non penso morrer sin vel-ó novo dia.

Loitemos con ahincos hirmáns, pra liberar do xugo no que vive escravizado, o pobo gallego. Eu son novo, polo tanto vede en min un axudante.

JOSE PAREDES.

Na Cruña.

A patria de Colón

Para os bos patriotas, Casto Sampedro, Rodríguez Lueso e Fernández Gastañaduy que auxdan a D. Prudencio Otero Sánchez nas indagacíos históricas sobre a oriundeza do descubridor do Novo Mundo,

Namentras que todolos historiadores aseguraron que Colón fora nado en Italia, os italianos non puideron dicir en qué pobo por non teren documentos con que probalo.

Tampouco Colón dixo causa algúna sobre este particular. A critica histórica desfixo moitos errores, e nestes tempos está desfacendo tamén a grande mintira sobre a patria nativa que se lle atribuíu ao grande descubridor d'América.

Xusto E. Areal, un escritor gallego morto xa pra desgracia das nosas letras, foi o primeiro que aló polos anos 96 ou 95 do século derradeiro, quixo ademostrar que Galicia era a terra do nacemento de Colón. Anos más adiante outros gallegos foron da mesma opinión.

Don Celso García de Riega, xuntou varios documentos, e co'eles quixo probar que aquela opinión era unha verdade. Mais, á gran parte d'aqueles papéis puxéronsele algúns reparos. Agora aparecen outros documentos, que estudiará a Real Academia da Historia. Sexa a que queira a sorte de ditas probas, podemos dicir que hai outras que non teñen volta de folla, e que incrinan a que digamos que *Cristóbal Colón non podía ser más que gallego*.

O SEU APELLIDO

O nome Columbus, que quer dicir *pomba*, non foi empregado endexamais polo noso navegante. En Italia non hai o apellido Colón. Este é gallego, nada mais que galego. Na provincia de Pontevedra abonda moi. Traducir por *pomba* a palabra *colo-colon*, e unha das moitas manías dos latinistas, que non ven mais que polo ollo do Lacio.

Na nosa fala os nomes, entre outros, como *cazo*, *mouro*, *touro*, *tolo*, *colo*, etc., fan os derivados, no sentido de aumento, de *cazón*, *mourón*, *tourón*, *tolón*, COLÓN.

Colón é pois unha verba soilamente galega. Nos demás idiomas non ten sentido nin significado.

HOMES DE DOUS IDIOMAS

Os franceses do sudeste falan indistintamente o italiano e o francés, e por eso se di que son homes duas veces porque teñen dous instrumentos para traduciren o pensamento. Un francés que conoza os dous idiomas neolatinos con perfección, sin habelos estudiado, xa se sabe o lugar do seu nacemento.

O mesmo pasaba hasta o século XVI c'os galegos, que falaban y-escribían o castelán e portugués con toda a perfección.

Crisfobo Colón, cando estivo en Portugal, presentou documentos e peticiós en portugu-

gués; mais tarde fixo o mesmo en España. O castelán seu era esgrevio, e non se encontra no seu diario de navegación nin un sólo italiano, causa verdadeiramente rara. O que se atopan son galeguismos, como aquello de decir que o sol americano tiña *espeto*—verba únicamente da nosa fala—e outras más que non ofrecen duda de donde era o autor.

Un home que no século xv conocía tan ben o castelán e mail-o portugués, non podía ser mais que nado en Galicia.

IDIOMAS MEDITERRANEOS

Os dous idiomas peninsulares de que se falou non eran mediterráneos no século xv. O italiano, o catalán, o lemosín, e unha xerxa que falaban os piratas derivada de todos eles e do árabe, eran os idiomas dos navegantes do Mediterráneo.

Castela non tiña ainda dominios xeográficos n-aquel mar?

¿Cómo pudo Colón adesprender tan perfectamente, sendo xenovés, o castelán e portugués.

A imprenta acababa d'inventarse, mais ainda non se tiña imprentado mais que un libro, a Biblia. Guttemberg morreu en 1468, e o progreso do maravilloso invento foi moi pasenamente.

A divulgación, pois, de toda crás de coñecimentos era moi difícil. Non eisistian gramáticas nin diccionarios imprentados. ¿De qué xeito milagreiro se valeu Colón para adesprender tan ben os ditos idiomas? ¿Cántos italianos hai oxe, a pesar dos grandes medios de que se val a cultura moderna, que poidan escribir coma escribia o Gran Almirante?

Colón non era italiano; o bon sentido dímos que era galego.

A CENCIA NAUTICA

Lisboa e Pontevedra, nos séculos XIV, XV e XVI, eran os centros dos grandes coñecimentos náuticos da Europa occidental. Ben sabido é que gran número de descubridores deron Galicia e Portugal.

No tempo de D. Xan II, toda a cencia astronómica estaba n-aquelas cidades. O Astrolabio, foi aplicado á navegación por portugueses e galegos. Nas construccions navais fixéronse grandes progresos e construíronse navios que polo-a sua masa reforzada podían resistir as furias do océano".

Todo indica que Colón pudo pensar na realidade do seu soño, contando cos adiantos que Galicia lograra na construcción dos navios.

O barco qu'el mandaba, qu'era o mais grande, foi construído en Galicia, e chamábase *La Gallega*.

PROBA INDICIARIA

A unha insua que encontrou diante da proa do seu navio, no mar antillano, deulle o nome de San Salvador, que é o nome da parroquia de *San Salvador de Poyo*; e a primeira badía que encontrou chámouelle *Porto Santo*, que é o nome da enseada de Santa María, sendo este o segundo nome con que bautizaron a carabela *La Gallega*, no porto de Palos.

No segundo viaxe doulle o nome de *A Gallega* á unha insua, e no terceiro á unha punta de terra puxolle o nome de *A Galea*, que é en Pontevedra o nome d'un barrio preto do fondeadeiro. Nun dos documentos que atopou o Sr. García de la Riega, fala da Galea "que linda con terreos de Domingo Colón".

Colón non puxo ningún nome italiano ás terras que descubreu; nin cando escribeu a Xénova o fixo en xenovés se non en castelán.

ORIXE SEMÍTICO DE COLON

O fillo de Colón, D. Fernando, dixo no seu libro "Historia del Almirante", que seu pai quixo facer desconocidos e incertos seu orixe e patria.

Os Colós de Pontevedra eran xudíos. A Colón éralle comenente calar o seu orixe, pois n-aqueles tempos o xudío, o herexe e os mouros estaban fora das leises da humanidade.

Todo indica que Colón foi galego. Axudar e alentar a quem tratase de demostrarlo documentalmente e de bos patriotas.

PAULOS D'ANDRADE.

A FROITA ROUBADA

(CONTIGO MADRIGALESCO)

Dous noivos parolan;
Son rapaces novos e están namorados,
E o falare, xuntíños, recordan
O pasado e bon tempo dos primeiros anos.
Fala él da saída da escola,
Dos moitos ovíños ós melros roubados,
De cando rubian lixeiros as ponlas
D'unha cereixeira, pra baixaren fartos.

—Meu pai tiña froita,
Pro era a do cura a que mais me gustaba.
¡Que boas mazás as que tiña!
¡Que peras urracas e figos de malva!
¡Que sorbas, que uvas, que frescas!
¡Que pexegos, Xuana!—
E a moza asintindo,
Di con meiga fala:
—Ay Pedro, Pedriño!
¡Casi me sabía a froita roubada!—
E o rapaz aceso d'amore e de mimo,
O vere a sua moza, tan preto e tan guapa,
Dille agarimoso, tremante, baixiño...
—Dasme un bico Xuana?—
E ó pedilo o noivo
Nin resposta agarda;
Que na roxa meixela un biquiño
Moi longo, lle daba.

E o rillote fuxiu como un lóstrego,
Mentras ela confusa quedaba,
Escoitando ó lonxe
Como él remedaba:
—Ay Xuana, Xuaniña!
¡Que ben che me sabe a froita roubada!

ANTÓN CHAO.

¡O mono?!... ¡o mono!...
¡o mono!...

ESTORECO

A Vítreo Mercadillo que tan chistosamente contaba este *soccedido* y-escachábanos de risa o ouvilo n-o Ferrol, cando a botadura d'o acorazado "España" (febreiro de 1912) os ispiados y-enxebres poetas Rodríguez López, de Lugo, Balás, d'a ciudá departamental, Pampín, diretor d'a apraudida rondalla "Airiños d'a miña terra", Videgáin, o veneral Comerma y-outros mais.

Unha paisana de Angoares, en Ponteareas, xa d'algunha edá, convifialle ir a Vigo a agardar o seu home que volvia d'as Américas.

Non había saído d'o seu pobo non sendo a algunha feira ou romaxe, todas de preto d'a casa.

Desconecía, polo tanto, o que era meterse n-un coche.

D'o tren xa non es diga, coneixayo soilo d'oidas.

Isto, com'e natural, arredábayo d'emprender o viaxe; pero ¿qué pensaría Bastián, si dempóis de oito anos d'amistosa soparón, non viña a sua muller n-o muelle, cando él tanto ll'encargara qu'o agardase?

Decideuse ó fin.

Por unha d'esas grandes cuaselidades, presentouse a ocasión de que n'aquel mesúncia saian de Mondariz pra Vigo, Don Xacinto y-a sua señora.

No-nos trataba y-ademáis dáballe vergonza a confessar que desconecía, por compreto, como se faguía este curto viaxe.

Saleu n-o mesmo coche, porpoñéndose faguer tod'o que vira qu'ellos faguián, pra non ter ningún tropezo n-o viaxe.

Chegou o coche a Porriño.

Apeáronse os d'o matrimonio y-o mesmo, naturalmente, fixo Rosa.

N-a taquilla mercano billetes e pasaron ó anden.

Dun Xacinto viu n-o reló qu'inda faltaba casque media hora pra chegar o tren.

Y-entrano, pra faguer tempo, n-o restaurante d'a estación.

Sentáronse veira d'unha mesa y-o señor batiu as mans e pideu unha copa. Servironlle unha d'anís d'o mono.

Rosa sentárase n'outra mesa.

O mozo acercouselle a perguntarlle que tomaba.

—O mesmo qu'aqueles señores, respondellé.

Foi servida seguidamente.

Acostumada a tomal-a parva c'o anis d'a terra, sabialle moito millor aquela bebida qu'iba rendendo, como via que faguía Dun Xacinto.

Entraron uns mozos sentáronse n'unhas mesas antre a de Rosa y-a de Dun Xacinto e non viu aquela qu'este señor chamou o mozo e deulle unhas cadelas.

Pouco dempóis chegaba o tren.

O asubio d'a máquena fixo que se levantase o matrimonio.

O tren parou.

Encheuse o restaurante de xente.

Rosa levantouse e viu qu'o matrimonio saía en dirección ó tren.

Ela fixo o mesmo.

Entrano n-un vagón que, por cuaselida, era de terceira com'o billete de Rosa.

O mozo d'o restaurante estaba soilo e pra servir tanta xente non se daba abasto. Notou a falta d'a paisana, pero tiña qu'atender a aquela apremiante demanda de:

—Café... berraba un.

—Mozo, una gaseosa.

—N'hay horchata?

—Es posible que no haya helados?—decia outro.

Restabreida xa a calma, o mozo saiu o anden e viu a Rosa n'unha ventanilla d'o tren. Dirixiuse a ela e dixolle:

—Oiga, paisana, págume el gasto que usted hizo.

—O que... hol...

—La copa, la copa que tomó: Son dos reales.

—O qué?... ¡aquei dedal douis reáis! ¡ti estás parbo!...

—Si señor sí, dos reales. Si era anis del mono!—contestoule o mozo con gravedá e parsimonía.

N'esto asubiou a locomotora y-o tren púxose a andar.

A paisana dende a ventanilla con sorna e levando un dedo ó únecho ollo que tiña—pois era torta,—y-agrandándoo pra baixo, respondeulle:

—¡O mono?!... ¡o mono!... queñasco meter ti a min! Xa pagéi billete. Non che son

*parba, que sun de Pontareas e non m'enga
ña naide:—y-añadia gritando pra qu'o tren
a deixase oír.—Lampantin, queriasme afan-
nar douz réas, douz demoros que te levaran.*

Os qu'iban n-o vagón escachábanse c'a
risa.

Y-o mozo quedouse medio sorrindo medio
amoscado c'a inesperada saída d'a paisana
que n'era fácel destenguir si era inocente ou
era de sorna morna.

Pol-a recoleución,
F. PORTELA PEREZ.
Pontevedra.

Manuel Núñez González

Finouse en Verin un bon poeta gallego:
D. Manoel Núñez González, que era membro
da nosa Academia.

Do seu gabado libro "Salayos", copiamos
coma millor lembranza, estes versos que
adicara a Rosalía Castro:

"E perguntas quén foi?—Foi o verbo
D'a Musa gallega:
"Axuntando, cal mestre abelliña,
"D'a humana palabra n-as móviles celdas,
"Os afeitos más puros d'a y-alma.
"Yo néutar devino d'as fróres d'a idéa,
"Fixo trebos de mel virxiliana
"N-o meigo cortizo d'a fala d'a terra."
¡Descanse na paz o insine poeta!

Verbas do noso patriarca

O dia no que nos estalemos, Galicia ha-
sere o terror d'Espanha y-o asombro d'Euro-
pa, y-até do mundo, porque noso probre-
ma rexional, mais que de lexítimas espan-
sions e descentralización política e ademi-
nistrativa, é de liquidación d'agrevios, d'
aldraxes, de vexacións e de carrares.

M. MURGUIA.

PENEIRANDO...

Dicia un siñor no "A B C" fai poucas da-
tas, falando do nacionalismo basco: "Es pos-
ible que sin esa piedra de escándalo na-
cional hubiese quedado todo en una espe-
cie de regionalismo gallego."

Xa non soyo en Castela, senón até en Bil-
bao conócese noso rexionalismo, noso eter-
no rexionalismo de *folk-lore*,—ripios, can-
tigas, gaitiña, muñeira e monteira;— rexi-
onalismo inocente, fallo da mais cativa
frangulla ideolóxica.

O rexionalismo gallego até agora puxo-
nos cuase sempre no ridícolo. Con dicir que
a tneca vez que se tomou en serio foi pra
pedire unha capitania xeneral... (Correla-
cionarios bascos e catalás, non vos riades!)

Pois aquel rexionalismo de tarxeta postal,
tan pintoresco, e o que facendo honor o
seu nome, quer un boletín vilalbés que se
chama "Galicia Pintoresca".

Este boletín cifra o seu credo rexiona-
lista en "vías de progreso, bos hoteles e
moito turismo", tolerando o dialeuto (por-
que lle chamaria idioma Menéndez Pela-
yo?) como cousa pintoresca.

Menos ainda que o rexionalismo ortodo-
xo de Besada! Vaites, vaites... E os nosos
sustanciaes probremas económicos e políti-
cos insolubres no actual réximen centralís-
ta, que os fenda un rayo. ¡Pobre xente!

"La Voz del Obrero" da Cruña, órgano
dos sindicalistas, fixo unha crítica muy ben
feita no derradeiro número, da traxedia de
Rey Soto.

Xa a quixeran pra si os xornales botafu-

meiros. Temos pra nos que a verdadeira
intelectualidade está nos d'abaixo, e non na
chola valeira dos señoritos.

Por certo, que xa que o mesmo boletín
nos deu pe pra elo, no número que ven pu-
bricaremos un fondo artigo de Julio Se-
nador, amostrando que o revolucionarismo
económico de Alba (*alter ego* de Paraíso, o
Xudas de Costa) e unha labarqueria pra
parvos.

E ó autor de "Castilla en escombros" ho-
me cultísimo, da estirpe espiritual dos Pi-
cavea y-os Ganivet, hai que ouvilo con res-
peto.

Non é un abogadiño de Bizancio, cal-
quera.

Crer en Alba y-en Paraíso, as duas co-
lunas do trigueirismo que nos amola ós ga-
llegos, é crer no que convén, por comen-
cia persoal!

A Tuna de Compostela que recorreu as
principaes poboacions de Galicia, é merecen-
te da nosa embora, porque non s'avergonxou
de poñere obras gallegas en escena, n'as
suas veladas.

Esos tunos son intelectuaes novos. Benia a
eles, y-o seu presidente o simpático rapaz
D. Leandro Pita. Sen esquecer ó gran artis-
ta Xermán Prieto.

D. Manoel Comellas, mestre d'enxebris-
mo, adicounos gasalleiras verbas no derra-
deiro número da "Voz de la Liga" do Fe-
rrrol, n'este boletín tan valente, espello de
cidadanía.

Gracias, insine gallego.

Escomenzou a publicarse n'Ourense "O
Tio Marcos da Portela". E un boletín, muy
ameno, muy ben escrito, verdadeiramente
patriótico, orgo da "Hirmandade da Fala"
d'aquela cibdade cultísima.

Fun novo hirmán que saudamos c'unha
garimosa aperta. Xa somos dous na loita.



NOVAS DA CAUSA

A entusiasta, e merecidamente gabada, sei-
ción teatral da Sociedade dos Dependentes
de Comercio de Lugo, que deu a conocer
n'aquela cibdade e no Ferrol, Santiago, Be-
tanzos, etc., a graciosa còmedia gallega
"O Chufón" que tan grande éxito abran-
gueu, está ensaiando un drama e mais unha
comedia, obras ambas inéditas, inda que a
primeira foi premiada fai algún tempo n-un
concurso, e debidas á escritores cruñeses.

Son duas obras orixinais: de un distinto
literato rexional o drama; a comedia obra
d'un novel escritor que inicia seus trabal-
los co'esa producción que mereceu dos crí-
ticos, á cuia censura foi sometida, as mais
agasalleiras gabanzas.

Xa que falamos de teatro gallego.

Varios escritores da nosa terra veñen fa-
cendo obras. O gran poeta Cabanillas pre-
para un libreto de zarzuela e unha traxedia
hestórica. Victoriano Taibo, noso querido
hirmán santiagués co'a axuda de Xaime

Quintanilla, o notabre cronista e médeco cul-
tísimo, que é un dos prestixios dos Amigos
da Fala, un dos escolleitos, galleguista de
corazón e de pensamento, intelectual de se-
bra, ven traballando n'un drama que se no-
meará "A Estrana".

O mesmo tempo, axiña repartíranse os pa-
pés da fermosa comedia do mestre Lugris,
"O Pazo", pra estrenala na Cruña.

Temos que ensayar no vrán o teatro da
Natureza.

En Monforte veñen facendo os hirmáns
da Fala unhas conferencias de propaganda.
A elas asisten moitas señoras. A derradeira
estivo a cáregos de Xesús Fariña Guitián,
representante n'aquela cibdade luguesa do
grupo cruñés. O Sr. Fariña, abogado muy
culto, falou muy ben sóbor do amor á te-
rra e o patriotismo. E un rapaz que val moi-
to, que domina o gallego e sínteo ademais.
Fala no noso idioma admirabreamente. Y-
esto ten tanto mais mérito, canto que o con-
ferenciente ten residido en Madri unhos
vinte anos. Exemplo para os imbeciles que
din, inda que non sairon nunca de Galicia,
que non saben o gallego.

Xesús Fariña, a quen dámola nosa embo-
ra, axiña fará outra conferencia, tratando
do rexionalismo. Ben polos bos hirmáns
monfortinos.

N'unha solene festa de música que se ce-
lebrrou fai poucas datas en Madri no teatro
Real, interpretáronse obras dos melhores
mestres d'Espanha. E n'ela, inda que non es-
taba adicada á música rexional, cantouse a
fermosa balada de Baldomir, "Meus am-
res".

Noraboa, distinto hirmán.

N'unha enxebre carta, pergúntasenos se
D. Manoel Vidal e D. Casto Branco Cabeza,
forman na "Hirmandade da Fala" de San-
tiago.

Temos moito gusto en responder afirmati-
vamente. O mesmo o presbítero Sr. Vidal,
profesor de Literatura e Gramática no Isti-
tuto compostelán, publicista brillante que
antano dirixeu en Madri a revista "Galicia",
que D. Casto Branco Cabeza—curmán do
noso admirabre Cabeza León—mestre de
matemáticas da Normal, home de fondo val-
limento, son dos enxebrés, dos bos, e teñen
posto no Consello direitivo dos "Amigos da
Fala", de Santiago. Honoran, coma poucos,
as nosas fias.

Noso querido compañeiro, D. Eladio Ro-
dríguez González, deu na Academia Gallega
leitura d'un fato de versos que compo-
rán un libro admirable.

Don Eladio, este home simpático, culto,
prestixioso, traballador, xa dende rapaz ti-
vo trato co'as musas. Fai anos publicou un
libro de poesías que louvara moito a crítica.
Algunhas composicións suas figuran nas an-
toloxías de versos gallegos seleutos.

¿Qué hemos dicir dos traballos c'os que
engayolou nosos oubidos agora? Pois a ver-
dá: que son maxistrais, ispiradisimos.

Beu unha notabre conferencia na Acadé-
mia Gallega, o poeta, escritor y-eruditio don
Florencio Vaamonde.

Foi muy gabado en xusticia. Falaremos
d'ela longamente.

No próximo número falaremos do insine
mestre Chané, con motivo da chegada do
seu cadávare á Cruña, onde terá cadaleito.

A idea vertida n'"El Noroeste" polo no-
so querido amigo D. Pedro Menlle, respeito
ó homenaxe da Filarmónica" parécenos
muy ben.

La Coruña: Imp. de LA VOZ DE GALICIA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)

MALAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas.

ANÍS DOUS MONOS

RON LA LUCÍE

OXÉN SUPERFINO

Pra encargos, na Cruña, rua do Orzán, núm. 144



Compagnie Generale Transatlantique

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDAD

Servicios direitos dende o porto da Cruña

Para á Habana, Veracruz, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiro de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás e carga.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatario D. Nicandro Fariña.

Rúa de Compostela, esquina a praza de LUGO.

NOTAS.—Quedan sin efecto todalas tarxetas de visita, pois non se deixa entrar á bordo.

Os CHOCOTATES BRANDARIZ

SON OS MELLORES

Véndense nos mellores comercios d'ultramariños en todolos pobos e cidades de Galicia

Enrique Brandariz e C.

Ronda da Coruña, 22—LUGO

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDA MODELO

ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millós de pesetas d'aforro
en 12 anos.

A sua representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2., da Rúa Real.

LABRADORES:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles produtos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicíos ós

Grandes almacés de Ferretería,
vidros e pinturas de

Romero Hermanos

Concepción Arénal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92
e Canalejas, 77

FERROL

Fábrica de biselar

grabar e decorar cristal

Espellos de Venecia e de Tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.—Vidros impresos e de todalas cras.—Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

RUA DE PANADEIRAS, 23.—A CRUÑA

VIÑOS

BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

"Rioxa Ollauri" especial pra familias
botella sin casco 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

Hotel Continental.

CONTOS GALLEGO

Asieumedre

Pol-a cativa cantida de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Vendese na Librería de Lino.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXINAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da "Voz de Galicia" con xuicios e opiniós de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por Anton Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos faranse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.—CRUÑA. Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á mitade do prezo señalado.